



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Idioma Moderno: Portugués	Código	613G01051	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Portugués			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	López-Iglesias Sanmartín, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	López-Iglesias Sanmartín, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia fornece formación básica de carácter teórico-práctico na descrición e uso instrumental da lingua portuguesa nas súas modalidades oral e escrita.</p> <p>O alumnado debe adquirir todas as competencias do nivel A2 (usuario básico, grao elevado do nivel elemental), dentro dos seis niveis que se distinguen no "Marco común europeo de referencia para as linguas".</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.	A8		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Apresentar(-se) e despedir-se. Cumprimentar e dar informacións de carácter persoal.	1.1. Alfabeto e ortografía: relación grafema-fone. Artigos. Pronomes persoais suxeito. Pronomes interrogativos. 1.2. Información persoal (morada, estado civil, profesión, nacionalidade). Formas de tratamento.
2. Localizar. Descrever lugares. Pedir e dar informacións sobre lugares. Seguir un mapa. Fazer reservas.	2.1. Presente do Indicativo dos verbos regulares (I). Género. Número. Preposicións e contrações. Demonstrativos. 2.2. Casa. Cidade. Universidade. Hotel.



3. Perguntar e dizer as horas. Pedir no café, no restaurante e noutras lojas. Falar de accións que decorren no momento. Expressar preferéncia.	3.1. Presente do Indicativo dos verbos regulares (II). Verbos reflexos. Construcións perifrásticas (I). Acentuación. 3.2. Accións cotidianas. Horas. Partes do día. Días da semana. Refeições. Comidas e bebidas. Cardinais.
4. Convidar, aceptar e recusar. Falar do tempo libre. Concordar e discordar. Pedir desculpas. Escribir cartas. Falar ao teléfono.	4.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares (I). Pronomes persoais átonos de CI. Construcións perifrásticas (II). 4.2. Lazer. Transporte. Pasatempos. Deportes.
5. Fazer planos para as férias. Sugerir. Falar sobre o tempo.	5.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares (II). Comparativos e superlativos. Possesivos. Conxuncións. 5.1. Meses, estacións e épocas festivas. Tempo climático. Cores. Vestuário. Ordinais.
6. Fazer compras. Falar da saúde. Aconsellar e dar instrucións. Describir persoas física e psicolóxicamente.	6.1. Presente do Indicativo dos verbos irregulares (III). Imperativo. Construcións perifrásticas (III). 6.2. Lojas. Corpo humano. Sintomas. Familia.
7. Comparar países e hábitos. Defender puntos de vista. Narrar acontecementos pasados.	7.1. Pretérito Perfeito Simple (I), Pretérito Imperfeito e Pretérito Mais-Que-Perfeito Simple do Indicativo. Indefinidos. 7.2. Festas e tradicións.
8. Apresentar características profesionais. Elaborar un Curriculum Vitae. Enfrentar una entrevista. Fazer e responder a inquéritos.	8.1. Pretérito Perfeito Simple (II). Pronomes persoais átonos de CD. Construcións perifrásticas (IV). 8.2. Perfil profesional. Experiéncias de vida.
9. Relatar fatos futuros. Planificar festas. Redigir convites.	9.1. Futuro do Indicativo. Locucións adverbiais de tempo, lugar e modo. Pronomes relativos. 9.2. Falsos amigos. Fórmulas de cortesia.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	14	14	28
Lecturas	0	11	11
Obradoiro	14	20	34
Prácticas a través de TIC	0	10	10
Proba obxectiva	3	0	3
Presentación oral	1	0	1
Resumo	0	15	15
Sesión maxistral	10	15	25
Traballos tutelados	0	20	20
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Discusión dirixida	Entendemos por ?discusión dirixida? aquela actividade desenvolvida polo alumnado en grupos pequenos en que se porá en práctica a expresión e a comprensión orais en lingua portuguesa. Debateranse diversos temas baixo a supervisión da persoa encargada da docencia. Nestas sesións prestarase unha especial atención á participación activa do estudantado.
Lecturas	Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que cada estudante terá de coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial.
Obradoiro	Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de comprensión lectora e de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).
Prácticas a través de TIC	O alumnado deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas.
Proba obxectiva	A proba escrita permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e a produción escritas. Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación?
Presentación oral	Neste tipo de proba avalíase a competencia comunicativa de cada estudante mediante unha pequena entrevista ou conversa co profesor ou coa profesora, en que talvez deba improvisar determinadas situacións. Na proba oral poderán empregarse textos, deseños ou materiais audiovisuais como apoio.
Resumo	Realizaranse con frecuencia sínteses dos principais contidos fixados no programa, coa finalidade de facilitaren a súa comprensión.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en exposicións orais de carácter fundamentalmente teórico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo.
Traballos tutelados	Baixo a coordinación do profesor ou da profeora, o alumnado levará a cabo diversas actividades (corrección e/ou elaboración de textos), ben de maneira individual ben organizados en pequenos grupos, co obxectivo de partillar información, coñecementos e habilidades.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que cada estudante informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada. Alén diso, cada estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto de desenvolvemento do traballo, quer no horario de atendimento, quer por medio do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Os traballos individuais e grupais (tanto presenciais como non presenciais) encomendados polo profesorado ao longo do curso suporán un 25% da nota final. Concederase especial relevancia á aprendizaxe colaborativa.	25
Presentación oral	Cada estudante terá de realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa.	15
Proba obxectiva	O estudantado deberá realizar unha proba obxectiva de comprensión oral e escrita e de produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves), en que se avaliarán os coñecementos adquiridos tanto nas sesións maxistrais como nos grupos intermedios e pequenos.	40
Obradoiro	Serán avaliados un conxunto seleccionado dos traballos (orais ou escritos) desenvolvidos nas aulas de maneira individual ou colectiva	20

Observacións avaliación



Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.

Para superar a materia, a cualificación mínima da proba obxectiva deberá ser de 4 puntos sobre 10.

O

estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Se

houver criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As

persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentar ás probas escritas ou que non presentar ningunha das actividades.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Costal, J. A. / Melo, A. S. (2003). Dicionário da Língua Portuguesa. Porto. Porto Editora
- Casteleiro, J. M. (coord.) (2001). Dicionário da Língua Portuguesa. Lisboa. Ed. Verbo
- Dias, H. B. M. (1994). Exercícios e notas gramaticais. Curso básico de português-língua estrangeira. Lisboa. Edições Colibri
- VVAA (2003). Gramática da Língua Portuguesa. Lisboa. Caminho
- Monteiro, D. / Pessoa, B. (1993). Guia prático dos verbos portugueses. Lisboa. Lidel
- Cintra, L. / Cunha, C. (1984). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa. Sá da Costa
- Reis, N. / Berström, M. (1997). Prontuário Ortográfico e Guia da Língua Portuguesa. Lisboa. Ed. Notícias
- VVAA (2009). SOS Português! Língua não materna A1/B1. Porto. Porto Editora



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Oliveira, C. (2006). Aprender Português 1. A1-A2 . Lisboa: Texto Editores- Lemos, H. (2001). Comunicar em português . Lisboa. Lidel- Dias, A. C. (2009). Entre nós 1. Método de português para hispano-falantes. A1/A2. Lisboa. Lidel- Dias, H. B. M. (1994). Exercícios e notas gramaticais. Curso básico de português-língua estrangeira. Lisboa. Edições Colibri- Coimbra, O. M. / Coimbra, I. (2002). Gramática Activa 1. Lisboa. Lidel- Avelar, A., et alii (1993). Lusofonia. Curso básico de português língua estrangeira. Lisboa. Lidel- Direcção-Geral de Inovação e de Desenvolvimento Curricular (2001). Navegar em português 1 . Lisboa: Lidel- Coimbra, O. M. / Coimbra, I. (2009). Novo português sem fronteiras 1. Lisboa. Lidel- Ramos, E. (2006). Portugalizar. Português para galegofalantes . Vigo. Xerais- Pinheiro, M. C. (2007). Português ao vivo. Textos e exercícios. Nível 1 . Lisboa: Lidel- Silva, M. L. M. (1984). Português língua viva . Lisboa. Editorial Teorema- Pinto, L. P. (2002). Português lúdico . Lisboa. Lidel- Tavares, A. (2004). Português XXI- 1 . Lisboa. Lidel- Lemos, H. (2004). Praticar português. Nível elementar . Lisboa. Lidel- Rosa, L. M. (2004). Vamos lá começar! . Lisboa. Lidel
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías